

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FERROL

##### Negociado de Educación

*Procedemento de selección dos representantes do concello de Ferrol da VII Mostra Musical do Eixo Atlántico*

#### EDICTO

Por resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi de data 18/12/2019 aprobouse a resolución relativa á aprobación das normas que regularan as probas de selección para representar ao concello de Ferrol na VII Mostra Musical do Eixo Atlántico, e que sendo o seu contido o seguinte:

“**Primeiro.**- Aprobar as normas reguladoras do procedemento de selección do representante deste concello da VII Mostra Musical do Eixo Atlántico, co seguinte tenor:

#### “PROBAS DE SELECCIÓN PARA REPRESENTAR AO CONCELLO DE FERROL NA VII MOSTRA MUSICAL DO EIXO ATLANTICO

O Concello de Ferrol convoca un proceso de selección para elixir as persoas que representarán ao Concello de Ferrol na VII Mostra Musical do Eixo Atlántico.

#### ESTE PROCESO DE SELECCIÓN TEN COMO FINALIDADE:

Elixir as persoas que cumprindo os requisitos que se establecen nas bases da Mostra sexan quen representen ao Concello de Ferrol na VII Mostra Musical do Eixo Atlántico que se celebrará en Ferrol o 18 e 19 de abril de 2020.

#### CONCURSANTES:

Poderán participar como concursantes persoas que se atopen nas seguintes circunstancias:

- Alumnado do Conservatorio Profesional de Música “Xan Viaño” de Ferrol.
- Alumnado dun conservatorio profesional de música ou dunha escola municipal de música que teña nacido no Concello de Ferrol.
- Alumnado dun conservatorio profesional de música ou dunha escola municipal de música que resida actualmente no Concello de Ferrol.

#### CATEGORIAS DE PARTICIPACIÓN:

Estblecense tres categorías:

- 1.- Solistas: Nesta categoría haberá catro tramos ou grupos diferenciados, en función do alumnado participante.
  - Grupo A: Ata os 10 anos.
  - Grupo B: dos 11 aos 12 anos.
  - Grupo C: dos 13 aos 15 anos.
  - Grupo D: dos 16 aos 18 anos.
- 2.-Agrupacións de Camara: Estarán compostas por un mínimo de dúas e un máximo de seis persoas integrantes.
- 3.-Agrupacións maiores: (orquestras, bandas, *ensembles*, etc): Estarán compostas por mais de seis persoas integrantes non tendo límite o número máximo de integrantes.

#### IDADE DO ALUMNADO PARTICIPANTE:

Solistas: As idades estarán en función de participar no grupo A, B, C ou D, e esas idades deberán cumprirse no ano 2020, ano de realización da mostra.

Agrupacións: A idade máxima dos integrantes das mesmas será de 25 anos non existindo idade mínima de participación, e esas idades deberán cumprirse no ano 2020, ano de realización da mostra.

**OUTROS REQUISITOS DO ALUMNADO PARTICIPANTE:**

- O alumnado participante inscrito nas categorías de solistas non poderán integrar as agrupacións e viceversa.
- As persoas acompañantes ó piano, no caso das agrupacións serán consideradas integrantes da agrupación, polo que deben ser inscritos como tal.
- O alumnado participante interpretará unha ou varias obras de libre elección cunha duración máxima de dez minutos no caso dos solistas e quince no caso das agrupacións. As obras deberán ser orixinais, e no caso de haber arranxos, a partitura deberá corresponder co que se toca.
- O alumnado participante, no propio día do concurso deberá entregar ó xurado copias das partituras que van a interpretar.
- Non se admitirá ningún tipo de música gravada, nin en soporte informático, salvo nas obras orixinais que o esixan.

**FORMALIZACIÓN DAS INSCRICIÓN:**

As inscricións realizaranse coa achega dos seguintes documentos:

- Datos individuais de cada participante: nome e apelidos, telefono de contacto e correo electrónico.
- Documentación acreditativa da idade do alumnado participante (fotocopia do DNI ou da folla do libro de familia de cada un/ha).
- Certificado de matrícula do Centro de Ensino (Conservatorio profesional de música ou Escola municipal de música ) no que realizan estudos no curso académico 2019-2020.
- Documento de identificación dos titores legais de cada alumna/o participante no caso de ser menores.
- Necesidades técnicas para a realización da actuación.
- **De conformidade co Regulamento do Eixo Atlántico para a VII Mostra Musical "As persoas participantes autorizarán expresamente a gravar en audio ou en video a totalidade ou parte das súas interpretacións deste certame e ceden ao Eixo Atlántico os dereitos de edición da reprodución de tal gravación, autorizándose o seu uso exclusivamente para fins divulgativos de forma gratuíta"**

**PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

- Desde o seguinte día da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ao 23 de xaneiro de 2020, a través do Rexistro Xeral do Concello de Ferrol ou en calquera dos lugares aos que se refire o art. 16.4 da Lei 39/2015 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

**PROBAS DE SELECCIÓN:**

- Data: 7 e 8 de febreiro de 2020 no horario que con suficiente antelación se comunicará ás persoas inscritas.
- Lugar: Conservatorio Profesional de Música "Xan Viaño" de Ferrol.
- De entre as persoas inscritas para participar o xurado seleccionará un máximo de dous participantes fixos para a Mostra (de calquera das categorías) e dous participantes provisionais (de calquera das categorías).

**XURADO:**

O xurado estará formado polos seguintes membros:

-A Concelleira Delegada da Area de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi que como presidenta terá voto de calidade.

-Vogais: Catro profesoras/es do Conservatorio Profesional de Música "Xan Viaño" de Ferrol.

-A Técnica de Educación do Concello de Ferrol que actuará como secretaria, con voz mais sen voto."

**Segundo.-** Nos termos da referida resolución abrese o prazo de presentación de solicitudes, que comenará dende o día seguinte da publicación do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia ata o 23 de xaneiro de 2020, nos termos indicados nas normas reguladoras.

A tenor do disposto no artigo 45 da lei 39/2015, sobre procedemento administrativo común, procedese a notificación das ditas resolucións mediante a súa publicación, podendo interpoñerse contra a mesma recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día

seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14/07/1998).

Ferrol, 27 de decembro de 2019

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi

M<sup>a</sup> Teresa Deus Trasobares

2019/10411